

galicia

entroido en galicia



XUNTA DE GALICIA



ÍNDICE

● Mapa de Entroidos en Galicia.....5

● Presentación.....6

Festas do Entroido de Galicia de Interese Turístico

● Entroido de Xinzo de Limia (Ourense).....8

● Entroido de Verín (Ourense).....10

● Entroido de Viana do Bolo (Ourense).....12

● Entroido de Cobres (Pontevedra).....14

● Entroido de Laza (Ourense).....16

● Entroido de Manzaneda (Ourense).....18

● Entroido dos Xenerais da Ulla
(A Coruña y Pontevedra).....20

● Entroido de Maceda (Ourense).....22

Outros Entroidos galegos.....24






Domingo de Carnaval

desde 2016 ata 2024

- 7 de febreiro de 2016
- 26 de febreiro de 2017
- 11 de febreiro de 2018
- 3 de marzo de 2019
- 23 de febreiro de 2020
- 14 de febreiro de 2021
- 27 de febreiro de 2022
- 19 de febreiro de 2023
- 11 de febreiro de 2024



ENTROIDO EN galicia



FESTAS DO ENTROIDO DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO


- 1** Entroido de Xinzo de Limia
OURENSE
- 2** Entroido de Verín
OURENSE
- 3** Entroido de Viana do Bolo
OURENSE
- 4** Entroido de Cobres
VILABOA, PONTEVEDRA
- 5** Entroido de Laza
OURENSE
- 6** Entroido de Manzaneda
OURENSE

- 7** Entroido dos Xenerais da Ulla
A CORUÑA - PONTEVEDRA
- 8** Entroido de Maceda
MACEDA - OURENSE
- 9** Entroido de Vilarinho de Conso
OURENSE

OUTROS ENTROIDOS GALEGOS

- 10** Desfile do Domingo de Piñata
LOURENZÁ, LUGO
- 11** Ravachol
PONTEVEDRA
- 12** A Voda da Pita
EIROÁS - CUDEIRO, OURENSE
- 13** O Oso de Salcedo
A POBRA DO BROLLÓN, LUGO

- 14** As Bonitas
SANDE - CARTELLE, OURENSE
- 15** Os Choqueiros
A CORUÑA
- 16** Os Vellaróns
CASTRELO DE CIMA, RIÓS, OURENSE
- 17** Os Volantes
CHANTADA, LUGO
- 18** Os Vergalleiros
SARREAUS, OURENSE



O Entroido é por definición a festa máis subversiva do ano. Unha festa na que os costumes se relaxan, os roles se inverten e un pode rir de todo.

O Entroido galego (tamén chamado Antroido o Introido, entre outras denominacións), é ademais unha celebración de longa tradición popular, sobre todo na provincia de Ourense. E hoxe goza de moi boa saúde, aínda que algúns ritos e peculiaridades xa se perderon e outros estean en proceso de recuperación.

Non hai que esquecer que Galicia foi unha das poucas rexións de España que continuou celebrando o carnaval a pesar da prohibición.

Hoxe a importancia do Entroido é tal que sete carnavais galegos exhiben con orgullo a cualificación oficial de “Festa de Interese Turístico”. E máis de 175 municipios de Galicia declararon festivo o Luns ou Martes de Entroido ou o Mércores de Cinza. Unha celebración por todo o alto á que calquera se pode unir.

Iso si, convén ir disfrazado... do que sexa! Aquí o que se valora é o espírito participativo e as ganas de se divertir. Sen disface un corre o risco de sufrir uns lategazos; de que lle boten farña ou formigas vivas; ou de ter que invitar a una rolda de vinos. É a lei.

Hai tamén outra lei que se cumpre estritamente: a dos banquetes gastronómicos. Porque en Galicia o Entroido acompáñase sempre dunha boa mesa. Unha cociña de gorentos pratos, perfecta para reparar forzas, que ten como protagonista o porco e de acompañantes as patacas, os grelos e os garavanzos. De sobremesa, filloas, orellas, bica; e de remate, un bo licor café. O mellor do mundo.

Que comece a festa!



Festa de Interesse
Turístico Nacional

📍 **LUGAR:**
Xinzo de Limia, Ourense

📅 **PARA NON PERDER:**
O desfile de carrozas
do Martes de Entroido

ENTROIDO DE

Xinzo de Limia

Aquí o Entroido é a festa máis importante do ano. É tamén o Carnaval máis longo de España e probablemente do mundo, xa que se celebra por todo o alto durante cinco fins de semana, comezando o Domingo Fareleiro e terminando o Domingo de Piñata. O día grande é o Martes de Entroido, con el desfile de carrozas máis concorrido e rechamante de Galicia.

Hai verbenas, charangas e verdadeiros festíns gastronómicos. Día e noite a rúa é unha festa na que todo el mundo se divirte. Iso si, hai que ir sempre disfrazado, porque do contrario a festa pode saír moi cara... Diso encárganse as pantallas.

As pantallas son os personaxes característicos do Entroido de Xinzo. Van coa cara cuberta por unha pantalla, unha espléndida máscara que nunca quitan e que dá nome ao conxunto; a carauta está feita dunha soa peza, en pasta de papel, e pintada cunha cara que recorda un demo... burleiro. As pantallas ademais levan





camisa e calzón brancos, polainas e zapatos negros, capa vermella ou negra, faixa vermella con chocas e pano. A súa vestimenta non está completa sen un par de globos feitos de vexigas de animais que golpean constantemente un contra o outro, producindo un ruído incesante e que chega a asustar.

Tradicionalmente, as pantallas non desfilan; elas toman a rúa e manteñen a orde durante o Entroido, vixiando que todo o mundo vaia disfrazado. Se unha muller é pillada sen disface, as pantallas cercarana e bailarán ao seu redor; se é un home, será perseguido e levado en brazos ata o bar máis próximo... para que invite a un rolda de viños. É a lei, saúde!



Festa de Interese
Turístico Nacional

☉ LUGAR:
Verín, Ourense

☉ PARA NON PERDER:
Os saúdas dos
batallóns de cigarróns
á saída de misa, o
Domingo Corredoiro.

ENTROIDO DE

Verín

A quí manda un personaxe excepcional ao que nunca se lle ve a cara, viste unha elaborada e extravagante vestimenta que pesa ata 25 kg e leva una fusta que utiliza sen miramentos. É o cigarrón, unha máscara única do Entroido de Verín. Un personaxe que algúns remontan ao século XVI e que hoxe segue impondo a súa lei... pero ao que se pode insultar. Así que todos contentos.

Para algúns estudosos o cigarrón puido ser na súa orixe un impopular recadador de impostos ou un vixilante da ortodoxia eclesiástica. Hoxe levar tal vestimenta é un honor, moitas veces transmitido de padres a fillos; de feito vestirse de cigarrón é todo un ritual e necesítase a axuda de varias persoas.

O Entroido de Verín dura practicamente dúas semanas e segue un ritual ancestral de desfiles, verbenas e vistosos cerimoniais como o *Entroidarte* ou o do Bautizo do Cigarrón. Dúas semanas de diversión e de multitudinarios banquetes



gastronómicos con delicias como cachucha, bica branca, xastré ou licor café.

E por suposto moita, moita festa. Os días máis sinalados son: o Xoves de Compadres, o día no que os homes se reúnen e toman a rúa; el Domingo Corredoiro, cando os cigarróns fan a súa aparición estelar, saudando... e fustrigando aos fregueses á saída da misa dominical; o Xoves de Comadres, o día das damas, co alegre encontro nocturno de Don Carnal e a Raíña do Entroido, acompañados dos seus respectivos séquitos; o Venres de Compadreo; o Domingo de Entroido; o Luns Fareleiro, un día que transcorre entre divertidas batallas de fariña; e o Martes de Entroido, co gran desfile de carrozas e cigarróns.



Festa de Galicia
de Interese Turístico

Ⓢ LUGAR:

Viana do Bolo, Ourense

Ⓢ PARA NON PERDER:

Desfile de foliões, acompañados polos boteiros no Domingo Gordo.

ENTROIDO DE

Viana do Bolo

En Viana Entroido e gastronomía van indisolublemente unidos. De feito o nome oficial desta celebración é “Festa da Androlla e o Entroido”, unha feliz parella que fai as delicias de nenos e maiores.

A androlla é un exquisito embutido de porco típico da comarca; elabórase tras a matanza e necesita uns dous meses de secado, así que chega ao Entroido no seu punto óptimo, lista para cociñar. É o produto estrela dun multitudinario e divertido banquete que, cos comensais disfrazados, ten lugar o Domingo de Entroido.

Os outros protagonistas do Entroido de Viana son o *boteiro* e os foliões. O *boteiro* é a máscara emblemática; leva sempre a cara tapada por una carauta rematada nun impresionante penacho e un traxe multicolor de fitas de seda, unha vestimenta sumamente elaborada... cun toque de primitivismo exótico.



Os foliões son comparsas de 30 ou 40 persoas de todas as idades que, armados de tambores e ferramentas agrícolas, poñen a banda sonora ao Carnaval percorrendo rúas e aldeas. Tocan para espantar os malos espíritos,



mais iso si, fano no medio dunha auténtica festa.

A misión do *boteiro* é anunciar e abrir paso ao folián dando saltos sobre a *monca*, un vistoso pau co que tamén mantén a raia ao público. O boteiro é ademais un consumado artista, xa que cos seus estudados movementos producen un auténtico recital de sons utilizando os chocallos do seu cinto.

O Entroido de Viana do Bolo é probablemente o Carnaval máis antigo de Galicia e tamén un dos máis auténticos de Europa. Unha festa que transcorre practicamente na rúa e na que todo o mundo é benvido.



Festa de Galicia
de Interese Turístico

☉ LUGAR:

Santo Adrán e Santa
Cristina de Cobres,
Vilaboa, Pontevedra

☉ PARA NON PERDER:

Corrida do Galo e outros
xogos populares o
Martes de Entroido

ENTROIDO DE

Cobres

Este é o Entroido máis elegante de cantos se celebran en Galicia. Traxes, música e danza remiten a un mundo galante e cortesán onde a posición social de cada personaxe está claramente diferenciada. Curiosamente, este é un carnaval verdadeiramente popular e toda a parroquia participa nel. Benvido ao Entroido de Cobres!

Xa no século XVIII hai referencias escritas sobre este carnaval, que agora se celebra durante unha longa fin de semana, de sábado a martes. O día grande é o Martes de Entroido; pola mañá non hai que perder as danzas e pola tarde, divertidos xogos como A Corrida do Galo, Galo no río e Galo na vara. Os premios son cartos e un fermoso galo, vivo e cacarexando. A competición está aberta a veciños e visitantes.

Madamas e galáns son os personaxes característicos do carnaval de Cobres. Incansablemente e acompañados dunha charanga, percorren o municipio



levando con eles a festa e o baile. Os seus traxes son espléndidos e custosos, xa que representan o rango social máis alto; de feito ata hai pouco levaban xoias e reloxos de gran valor, os mellores que un podía permitirse.

As *madamas* visten camisa e saia brancas; medias finas con zapatos negros e sobre o peito, o *peitoril*, unha especie de exquisito babeiro ao que se suxeitan os colares. Todo profusamente enfeitado con fitas, plumas, pedraría e pasamanaría. Na cabeza, un espectacular sombreiro, unha obra de arte que pode levar un mes de traballo e pesar ata 7 kg.

Os *galáns* compiten en elegancia coas *madamas*, cedendo unicamente no sombreiro, máis pequeno que o das damas.

No Entroido de Cobres locen tamén outros personaxes como os *de branco*, as aldeás, os coidadores do galo, as choronas ou o predicador, personaxe enigmático que no seu esperado e divertido sermón ninguén queda libre de crítica. Ah!, unha curiosidade: no Entroido de Cobres non hai máscaras nin antefaces, vaise a cara descuberta. Hai que presumir!



Festa de Galicia
de Interese Turístico

● LUGAR:
Laza, Ourense

● PARA NON PERDER:
*A farrapada, a xitanada,
A baixada da Morena e
o Luns de Entroido*

ENTROIDO DE

Laza

Laza presume “do Entroido máis enxebre de Galicia”; noutras palabras, dun Carnaval xenuinamente galego. Laza, xunto con Xinzo e Verín, forma un dos vértices do triángulo máxico do Entroido de Galicia. Un territorio que vive consagrado a estas irreverentes festas.

E a diversión comeza moi cedo, semanas antes da chegada do propio Carnaval, coa celebración de catro Venres de Folión. Os foliós son comparsas que, para espantar os malos espíritos, percorren as rúas durante a noite tocando con obxectos variados. Unha festa aberta ata o amencer.

Desde o Domingo de Entroido, os foliós ceden o protagonismo aos peliqueiros, personaxes característicos do Entroido de Laza e moi similares aos cigarróns de Verín.

O peliqueiro leva unha coidada e orixinal vestimenta que pode pesar ata 25 kg. Segundo a tradición, non se lle pode tocar nin manchar... aínda que si se lle pode insultar. O traxe complementase cun cinto



de chocas e a *zamarra*, unha fusta que utiliza sobre os que ousan saír á rúa sen disfrace, algo imperdoable en moitos Entroidos. O Domingo de Entroido, os *peliqueiros* fan a súa aparición estelar, chegando a reunirse ata 150 deles n'A Estrea do Peliqueiro. Logo invitan a bica a veciños e visitantes.



Outro día grande en Laza é o Luns de Entroido, con rituais e celebracións como A Farrapada, unha batalla campal utilizando trapos untados en barro; A *Xitanada*, unha divertida procesión en burro; ou A Baixada da Morena, unha especie de sátiro con cabeza de vaca que persegue as mulleres mentres a súa comitiva lanza sobre a multitude unha choiva de fariña e... formigas vivas. Un rito ancestral no que participa todo o mundo.

A alegría do Carnaval corre paralela á boa mesa e Laza celébralo especialmente cun banquete multitudinario: a Festa Gastronómica da Cachucha, Bica Branca, Xastré e Licor Café. Aquí non falta nada.



Festa de Galicia
de Interese Turístico

◉ LUGAR:

Manzaneda, Ourense

◉ PARA NON PERDER:

Desfile de foliões e
comida popular o Martes
de Entroido



ENTROIDO DE

Manzaneda

Este é un Carnaval que destila autenticidade; quizá porque ao estar situado nunha zona de alta montaña, o municipio de Manzaneda mantívose relativamente illado, preservando así a pureza das súas tradicións.

O Folión Tradicional do Entroido de Manzaneda é una celebración de rituais ancestrais, espectáculos de percusión, banquetes populares e teatro de rúa, todo nun ambiente de sorna e diversión. Os protagonistas son a *mázcara*, o folión e a foliada.

A *mázcara* é o personaxe central e a pesar do seu nome, adoita levar o rostro descuberto. Na cabeza, o pucho, un enorme tocado; como traxe, camisa e polainas brancas con puntillas, mantilla floreada, botas altas, bastón e fitas de cores que cada ano se poñen e se quitan unha a unha. Na cintura, varios chocallos, que serven para gardar o ritmo. Porque ante todo a *mázcara* de

Manzaneda é un elegante e consumado bailarín, capaz de danzar sobre un pequeno caixón, xirando na punta dos pés e sen despegar do chan. É tamén, o acompañante imprescindible dun folión.



O folión (tamén chamado *fulión*) é unha especie de comparsa e embaixada musical que se envían unhas aldeas a outras. Ten ademais a peculiaridade de que os integrantes tocan con tambores e sobre todo, con instrumentos de labranza. Unha tradición que en Manzaneda alcanza a excelencia, converténdose nun espectáculo de percusión e gaitas.

A foliada é unha representación en clave satírica na que participan *mázcara*s, folións e todos os personaxes do Entroido. Teatro de rúa na súa versión máis divertida. E gratis.

Martes é a gran festa do Entroido de Manzaneda, pero o programa de actividades, no que non faltan os banquetes, é tan amplo que excede o calendario habitual, de xeito que pode comezar en xaneiro e terminar en abril. Viva a festa!



Festa de Galicia
de Interese Turístico

📍 LUGAR:

Santiago de Compostela,
Teo, Touro, Padrón, Bo-
queixón, Vedra (A Coruña),
A Estrada, Silleda, Vila de
Cruces (Pontevedra)

📅 PARA NON PERDER:

Os *atranques* que se cele-
bran en cada localidade

ENTROIDO DOS

Xenerais da Ulla

Un Entroido para mofarse da guerra. Esta é a idea detrás do Entroido dos Xenerais do Ulla, unha celebración da que xa hai referencias escritas cara a 1870.

A festa inspírase nas loitas que tiveron como escenario a comarca do río Ulla na primeira metade do século XIX, loitas orixinadas pola invasión das tropas de Napoleón, os ecos das revolucións de 1848 ou as guerras carlistas.

Na actualidade esta delirante festa celébrase en nove concellos e dura unha semana longa entre desfiles de carrozas, verbenas, banquetes e bailes de Carnaval. Os personaxes máis importantes son os xenerais e tamén os correos que, a cabalo e acompañados dun alegre exército de abandeirados e comparsas, percorren rúas e localidades dando vivas.

Os xenerais e os seus séquitos visten sempre as súas mellores galas, vistosos uniformes de época aderezados con todo tipo de adornos carnavalescos. Un uniforme moi pouco regulamentario levado con verdadeiro honor. E os cabalos, a ton.





O punto forte do Entroido do Ulla son os encontros que manteñen os xenerais en diferentes días e lugares da comarca. Son os *atranques* (tamén chamados *altos*), batallas dialécticas entre un xeneral invasor e outro defensor, ou entre dous correos inimigos, sobre a actualidade política... ou *do corazón*, sempre no ton de burla e mofa propio do Entroido. E non hai dous *atranques* iguais, porque ademais cada sitio, cada parroquia cultiva a súa peculiar tradición, o que converte ao Entroido do Ulla nunha celebración verdadeiramente única. Máis madeira, é a guerra!



Festa de Galicia
de Interese Turístico

☉ LUGAR:

Maceda, Ourense

☉ PARA NON PERDER:

O percorrido dos Felos
polas parroquias do
Concello

ENTROIDO DE

Maceda

O famoso triángulo máxico do Entroido da provincia de Ourense parece querer ampliarse co Entroido de Maceda.

O termo *Felo* ten difícil interpretación. É sinónimo de máscara, a máscara emblemática deste Entroido. Parece que o termo vén e felón e felonía, facendo referencia á rebelión dos vasallos contra o señor feudal, o do castelo de Maceda. Figuras pouco coñecidas mais tan antigas e fascinantes como os seus parentes máis famosos, os *peliqueiros* de Laza e os *cigarróns* de Verín. Todos visten dun modo similar, mais o que distingue a simple vista aos *felos* son as medias negras (en lugar de brancas), un rabo de raposo no alto da máscara, colares ao redor do pescozo e un bastón intimidatorio. Tamén cinco chocas en lugar de seis, e botas nos seus pés para aguantaren o frío. A tradición recomenda pintar unicamente fauna propia da veciña serra de San Mamede. A súa vestimenta é en certo modo máis rústica, máis apegada á orixes.



Vestirse de *felo* imprime carácter e só o poden facer os homes solteiros. Son espíritos rebeldes e anárquicos, mais en tempo de *Entroido* eles son a lei. Son recoñecibles polos seus *esgutíos*, unha especie de aturuxo que realizan á súa chegada

acompañados de choutos. Gustan de sacar a bailar a homes e mulleres.

En tempos pasaban días de aldea en aldea, bebían ovos con viño e azucre para soportares o desgaste físico e nunca pedían diñeiro. Sempre se deixaron insultar pero non permiten ser tocados nin que lle quiten a carauta. Convén non traspasar os límites

Na actualidade seguen a percorrer todas as parroquias do Concello para que todos os veciños disfruten da súa compañía y, talvez, dalgunha falcatrada.





ENTROIDO DE

Vilariño de Conso



Festa de Galicia
de Interese Turístico

● LUGAR:

Vilariño de Conso, Ourense

● PARA NON PERDER:

O domingo Gordo, polo
gran desfile de *fulións*
unido á Festa do Cabrito
na capital do concello

En Vilariño de Conso celébrase o que moitos consideran o Entroido en estado puro. O *boteiro* é a personaxe estelar, é o dirixente do *fulión*. O *fulión* é un grupo de persoas tocando bombos e gadañas ao mesmo compás. En cada aldea do termo municipal existe un *fulión*, e uns boteiros que bailan ao seu son e con diferentes tipos de caretas segundo a localidade de que proceden. Na de Mormentelos o *fulión* é máis parecido ao de Manzaneda, pola súa proximidade, e non levan máscara senón un pucho con fitas.

Os *boteiros* levan unha máscara feita de cartón forrada de pelo e pel de cabra e unha camisa bordada con multitude de cintas de cores e máis un pantalón tamén decorado. Como outros personaxes do Entroido levan penduradas do cinto as chocas que ao bailaren os boteiros fan o seu son característico. Sempre levan na man a súa vara coñecida como "monca", moitas veces tamén engalanada.

O *fulión* córrese pola noite acompañado polos bombos feitos de pelica de cordeiro ou ovella.



O Xoves de Compadres, as mozas colgan o lardeiro feito con roupa dos homes para se burlaren del. O xoves seguinte, o de Comadres, son os mozos os que fan a lardeira.

O compoñente gastronómico vén da man da Festa do Cabrito no Domingo Gordo para degustar, ademais do cabrito, chourizos, bica e viño.



Alén dos sete carnavais galegos declarados “de interese turístico”, hai outros que sobresaen polo seu ambiente, polos seus rituais ou polas súas fascinantes máscaras e personaxes. Estes son algúns dos protagonistas:

DESFILE DO DOMINGO DE PIÑATA

(Lourenzá, Lugo)

Situada na Mariña Lucense, Lourenzá goza de fama entre os amantes da boa mesa polas súas exquisitas fabas. Mais nos últimos anos, Lourenzá comeza a ser tamén recoñecida pola celebración do Domingo de Piñata, o primeiro domingo despois do Martes de Entroido.

A festa recupera desde os anos 90 unha tradición que se remonta a principios do século XX, cando os bailes e celebracións do Martes de Entroido e en especial do Domingo de Piñata en Lourenzá se fixeron famosos en toda A Mariña.

Hoxe a celebración máis esperada do Domingo de Piñata é o impresionante desfile de carrozas que cerra as festas de carnaval por todo o alto e nel participan veciños e visitantes.

Hai comparsas, charangas e tamén, e ese é un dos seus grandes atractivos, unha xenerosa entrega de premios



Desfile do Domingo de Piñata

en diferentes categorías. No Entroido de Lourenzá a xente toma a diversión moi en serio, así que os disfraces son sinxelamente impresionantes. De premio..

RAVACHOL

(Pontevedra)

O carnaval de Pontevedra, o máis mundano de cantos se celebran en Galicia, cérrase cunha gran festa á que acode a cidade en pleno vestida de rigoroso e elegante loito: o Enterro de Ravachol.

Ravachol era un personaxe real, moi coñecido na cidade por malfalado e groseiro. Morreu durante os carnavais de 1913 e foi enterrado con grandes honras en medio dun multitudinario dó. Era o papagaio dunha popular farmacia.



Ravachol

A VODA DA PITA

(Eiroás, Cudeiro, Ourense)

Este carnaval recupera con moita sorna unha historia real. A *Pita* era o alcume dunha viúva do barrio das Eiroás que hai uns 70 anos, e desafiando as convencións, casou con outro viúvo, tamén veciño. Todo ía ben ata que a xente do barrio descubriu que non estaba invitada á festa... E aquilo converteuse nun galiñeiro.



A Voda da Pita



O Oso de Salcedo

O OSO DE SALCEDO

(A Pobra do Brollón, Lugo)

Personaxe ancestral que ao chegar o Entroido, anticipo da primavera, deixa de hibernar na súa cova e baixa á vila na procura de vítimas. Unha ducia de axudantes, os *criados*, apresan e inmovilizan a calquera que se poña a tiro. Despois, ante a alegría de todos e con moito dramatismo, o oso mira en fite aos ollos da vítima e cun caldeiro de feluxe na man, decide se lle enzoufa a cara, a roupa ou no corpo nu. Non se admiten protestas: o oso é o rei.

AS BONITAS

(Sande, Cartelle, Ourense)

Son os personaxes típicos do Entroido de Sande e chaman a atención pola súa beleza. Levan a cara tapada cunha máscara sobre a que se debuxa un bonito e estilizado rostro; locen sombreiros de plumas, espléndidos mantóns de Manila e visten pantalóns. En Sande as máis "bonitas" adoitan ser homes.



As Bonitas

OS CHOQUEIROS

(A Coruña)



Os Choqueiros

Personaxes propios de Monte Alto, un barrio popular da Coruña e un dos poucos de España que seguiron celebrando o carnaval baixo a prohibición franquista.

Compiten con traxes de elaboración caseira, canto máis disparatados e orixinais mellor. Son as estrelas do Entroido da Coruña.

OS VELLARÓNS

(Castro de Cima, Riós, Ourense)



Os Vellaróns

Máscara tradicional da zona de Castro, recuperada despois de moitos anos no esquecemento. *Os vellaróns*, cunha colorista vestimenta e cinto de chocas, saían en grupo a pedir cartos ou viandas para gozar dun festín. Adoitaban acompañalos outros personaxes como *A Madama*, unha elegante dama; e *O Farrangón*, un home vestido con roupa vella; en ocasións a comitiva completábase con cans tamén disfrazados.

OS VOLANTES

(Chantada, Lugo)



Os Volantes

Son personaxes cunha enorme carga simbólica, representativos do Entroido Ribeirao, o carnaval da zona de Chantada. A súa vestimenta é unha das máis impresionantes dos carnavais galegos. Destaca especialmente o pucho, un aparatoso tocado de ata 15 kg, profusamente adornado con fitas, flores e incluso bonecas; visten tamén panos "portugueses" e cinto do que penden 24 chocallos. Todo un espectáculo de vida e cor.



Os Boteiros

OS BOTEIROS

(Vilariño de Conso, Ourense)

En Vilariño celébrase o que moitos consideran o Entroido en estado puro. Os protagonistas son as comparsas musicais, os *foliões*, e sobre todo, os *boteiros*, máscaras tradicionais que coa espectacularidade dos seus saltos e vestimenta dan unha nota máxica á festa.



Os Vergalleiros

OS VERGALLEIROS

(Sarreaus, Ourense)

Máscaras características do Entroido de Sarreaus, equiparables aos *cigarróns* de Verín ou aos *peliqueiros* de Laza. Levan sempre un vergallo, un corno que co que poñen música á festa e, cando fai falta, orde.



Edita: Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, km 3 - 15897 Santiago de Compostela

Tel.: 981 542 500 / Fax: 881 995 323

Textos: Manuela Soto

Fotografía: Ricardo Cambón, Adolfo Enríquez, Iñaqui Osorio,
Alberto Trabada-Viú Foto, Concellos de: A Coruña (Xosé Castro),
A Pobra do Brollón, Cartelle, Chantada, Lourenzá, Maceda,
Ourense (Santi M. Amil), Pontevedra (Rafa Vázquez), Riós, Sarreaus,
Vilariño de Conso, arquivo de Turismo de Galicia

Deseño e maquetación: Stéphane Aller

Imprime: Gráficas Lasa, S.L.

D.L.: C 64-2016

